Somos unha entidade sen ánimo de lucro que traballamos en prol da inclusión das persoas con discapacidade co obxectivo de ser referentes na prestación de servizos.

A nosa política de calidade é sinónimo de confianza e compromiso para as nosas partes interesadas, pola calidade coa que se proporcionan os nosos servizos e pola busca da mellora continua nos ámbitos da inclusión socio-laboral, no trato igualitario e non sexista, na accesibilidade universal e do deseño para todas as persoas.

Contamos co respaldo da alta dirección (Xunta Directiva Integro) asegurando a mellora continua, a satisfacción das necesidades das partes interesadas así como o cumprimento dos requisitos legais e regulamentarios da norma UNE- EN ISO 9001:2015.

Dende a dirección de Integro asumimos os seguintes compromisos:

Persoas usuarias/clientes

- Identificar e resolver necesidades non cubertas das persoas con discapacidade.
- Ofrecer unha atención individualizada e centrada na persoa e cubrir e respectar as súas necesidades.
- Fomentar a igualdade de oportunidades no ámbito rural.
- Facilitarlle os recursos e apoio persoal necesarios para acceder a unha vida autónoma sen esquecer que eles son os protagonistas de devandito proceso.
- Promover a inclusión social en tódolos ámbitos da sociedade en plenitude de dereitos, fomentando e respectando a súa autodeterminación.

Familias

- Coñecer as necesidades e expectativas das familias a través dunha comunicación personalizada baseada na confianza e no respecto.
- Fomentar a participación e implicación das familias en todos os procesos da entidade.
- Proporcionar o apoio persoal e os recursos necesarios, así como o acceso ós servizos.
- Promover a continuidade e a mellora dos servizos e programas.
- Garantir a transparencia na xestión da asociación.

Persoas traballadoras

- Promover e facilitar a estrutura organizativa idónea e os recursos para que poidan desenvolver a súa labor de forma eficaz e eficiente e que lles permita medrar a nivel persoal e profesional.
- Establecer canles de información e comunicación que faciliten a participación e os compromisos do equipo profesional coa filosofía da entidade e co sistema de xestión de calidade.
- Fomentar a xeración de novas ideas susceptibles de converterse en proxectos innovadores ou en metodoloxías de traballo máis eficaces e/ou eficientes.

Provedores

- Establecer canles de información e comunicación que faciliten a participación e os compromisos dos provedores co sistema de xestión de calidade.
- Cumprir co contrato de prestación de servicio e/ou produto.

Entidades financiadoras

- Establecer canles de información e comunicación que faciliten e permitan o coñecemento da nosa labor.
- Xestionar con eficiencia e eficacia os recursos proporcionados.
- Difundir na sociedade a colaboración obtida.

Persoas asociadas

- Promover e facilitar a información e asesoramento, os recursos especializados e os apoios que precisen.
- Concienciar e sensibilizar sobre a importancia da participación nas actividades da comunidade asociativa.
- Garantir a transparencia na xestión da asociación.

Medios de comunicación

- Proporcionar información veraz sobre servizos, programas e actividades da entidade.
- Sensibilizar sobre o uso axeitado da terminoloxía arredor das persoas con discapacidade.

Persoas voluntarias

- Proporcionar unha formación continua e axeitada á persoa que vai desenvolver a acción voluntaria.
- Analizar e canalizar as propostas das persoas voluntarias sobre novas actividades ou proxectos de voluntariado.

A dirección de Integro comprométese a facilitar os medios necesarios ó seu alcance para lograr o establecido na Política de Calidade, asegurando a súa actualización, o seu entendemento e a súa difusión a todas as partes interesadas.

A dirección de Integro asume un firme compromiso co cambio climático e a protección do medio ambiente, adoptando medidas de eficiencia enerxética, redución de residuos e uso de fontes de enerxía renovables. A entidade fomenta prácticas sostibles, sensibiliza ás súas persoas traballadoras sobre a importancia da sustentabilidade e o impacto ambiental

Esta política proporciona un marco de referencia para establecer e revisar os obxectivos de calidade.

Nantón, 14 de setembro do 2026

Asd. Presidente- Adolfo López Baña